



Sección Sindical PSA-PEUGEOT-CITROEN

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. COMITÉ 2/02/09

Na reunión convocada pola Dirección cunha Rep. do Comité foron tratados o seguintes temas:

PRODUCCIÓN Marzo.-Debido a unha pequena recuperación do mercado Alemán, os días non laborables quedarían repartidos da seguinte maneira:

Sistema I.- 2- 3- e 4

Sistema II.- 2- 3- 4- 5- 6- e 27.

Estes días serían a considerar como de Adecuación ou Bolsa de Horas. Quedando pendente por determinar a Quenda de Noite.

DOCUMENTO SOBRE A MODIFICACIÓN DO MARCO LABORAL:

Sobre as medidas que a Dirección propuxo a mediados de Xaneiro e sobre as cales os afiliados/as da C.I.G. xa demos a nosa valoración, entrégasenos un novo borrador onde poucas modificacións ofrece, por exemplo:

.-*Vacacións*, manteñen os quince días de verán e a terceira semana de marzo a pasan para xuño.

.-Os outros temas que nada teñen que ver coa conxuntura como é o caso de *alongar a xornada laboral a 9 horas*, (cando se perda produción), o manteñen.

BOLSA DE HORAS.-Sobre este mecanismo onde a C.I.G., tamén deu o seu parecer no sentido de aceptar a posibilidade de incrementar o déficit de 20 a 30 días, este borrador ademais de modificar conceptos do sistema, propoñen tamén a ampliación en positivo a 30 días.

CAMBIOS DE TALLER E QUENDAS.- Sobre os cambios que se están a dar entre os dous Sistemas e Quendas, onde moitos deles son pouco entendibles, a Dirección vai distribuír unha nota informativa. Como veredes, e así o fixemos saber na reunión, de novo neste voluminoso cambio precipitado, e sabendo que os cambios nunca son agradables, voltan nesta nota, a non facer unha referencia clara nos criterios e sobre todo para os colectivos como Limitados..Xubilados..Conciliación etc., en lugar de favorecer a transparencia, prefiren trasladar a incertidume os despachos dos Responsables dos Talleres.

VARIOS.- Infórmanos, que na Planta de Madrid van prantexarlle o Comité "Paros Técnicos" (ERE) para toda plantilla que afectaría cando menos en 30 días, e tamén ofrecerán Baixas Voluntarias Incentivadas.

O xoves esta prevista unha reunión con todo o Comité para dar o seu punto de vista sobre estas medidas. A C.I.G. con independencia de haber feito público a postura dos seus afiliados/as, tanto no sentido das medidas de tipo conxuntural como de aquelas que a Dirección quere introducir para Estandarizar a flexibilidade, estudaremos estes novos borradores.

Confederación Intersindical Galega